



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO, DE CINCO POSTOS DE PEÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL PARA A REALIZACIÓN DE SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O ANO 2026 (PEL CONCELLOS)

En Bergondo, 22 de abril de 2026, sendo as 09:00 horas, reúnen no Edificio de Servizos Sociais do Concello de Bergondo, os/as señores/as integrantes do Tribunal cualificador que se constitúe para valorar os méritos dos aspirantes ós cinco postos de PEÓN, segundo as bases reguladoras desta Convocatoria, aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 317/2024, do 26 de marzo.

Está constituído o Tribunal na seguinte forma:

PRESIDENTE: O capataz do Departamento de Obras e Servizos Básicos: José Ángel Sánchez Paz ou funcionario/a que o substitúa.

SECRETARIO: O Técnico Medio: Alberto Rilo Nogueira ou funcionario/a que o substitúa.

VOGAIS:

A auxiliar administrativa: Vanessa Barral Fariña ou funcionario/a que a substitúa.

O peón municipal: Sergio Alonso Naya ou funcionario que o substitúa.

A auxiliar administrativa: Sandra María Anido Freire ou funcionario/a que a substitúa.

O Tribunal ten á súa disposición o expediente completo con todos os antecedentes necesarios e no que constan, entre outros, a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as neste proceso selectivo, aprobada por Decreto de Alcaldía de data 20 de abril.

O Sr. Presidente declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, procédeuse á realización da fase de concurso valorándose os méritos na forma prevista na base terceira das específicas:

“FASE DE CONCURSO:

Valoraranse os seguintes méritos:

A.1.–Experiencia profesional ou servizos prestados, ata un máximo de 6 puntos.

Por servizos prestados en calquera Administración Pública ou empresa privada coa categoría de peón (xardinería, carpintería, albanelería, limpeza de praias ou forestal): 0,10 puntos por mes, ata un máximo de 6 puntos. Só se avaliarán os servizos prestados nos últimos cinco anos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida pola secretaría do concello ou entidade pública onde se teñan prestado os servizos, ou como se sinala a continuación para a empresa privada; para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ambos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado.

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

A.2 Cursos, ata un máximo de 5 puntos:

De formación:

-cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha Administración Pública ou entidade pública ou homologadas por elas:

- De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.

- De 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.

- De máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

-programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados por administracións públicas:

- De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.

- De 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.

- De máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, valoraranse con 0,05 puntos por curso.

A puntuación máxima que se poderá acadar no apartado A.2 será de 5 puntos."

NOME E APELIDOS	D.N.I.	A-1. EXPERIENCIA: 0.10 POR MES (últimos 5 anos) ATA UN MÁX. DE 6 PUNTOS.	A-2. PUNTUACIÓN MÁXIMA: 5 PUNTOS				TOTAL
			Sen número de horas. 0.05 puntos	<20 h: 0.10	De 20 a 40 h: 0.30	+ 40 h: 0.5	
Francisco Javier Costa Varela	***8817**	1.2	---	0.2	---	1.5	2.9
José Manuel García Tajés	***1714**	2.1	---	0.1	---	1	3.2
David López Fernández	***5094**	---	---	0.6	0.3	1	1.9
Juan José Mazás Seoane	***4396**	2.5	---	0.2	---	1	3.7
Davinia Noya Balseiro	***0015**	---	---	---	---	0.5	0.5
María José Rocha Ramos	***7513**	---	---	---	---	---	---
José Antonio Rodríguez Cazás	***0936**	3	---	0.9	2.1	1.5	7.5
Eva Sande Barcia	***2466**	---	---	---	---	---	---
Manuel Veiga Seijo	***1225**	2.9	---	0.4	0.9	1.5	5.7

De acordo coas bases reguladoras deste concurso os resultados producidos foran os seguintes:

O Tribunal á vista do actuado, **ACORDA:**

Primeiro. Declarar aprobados aos seguinte aspirantes:

NOME E APELIDOS	DNI
José Antonio Rodríguez Cazás	***0936**
Manuel Veiga Seijo	***1225**
Juan José Mazás Seoane	***4396**
José Manuel García Tajés	***1714**
Francisco Javier Costa Varela	***8817**

Segundo. Na súa consecuencia, propoñer á alcaldía-presidencia o nomeamento como PEÓNS aos/ás aspirantes aprobados/as e nomeados/as anteriormente, nos termos previstos nas bases da convocatoria.

Terceiro. En cumprimento co establecido na Base Undécima das bases xerais, establécese a seguinte lista de reserva.

LISTA DE RESERVA

NOME E APELIDOS	DNI
David López Fernández	***5094**
Davinia Noya Balseiro	***0015**
María José Rocha Ramos	***7513**
Eva Sande Barcia	***2466**

Cuarto: Os/As aspirantes propostos/as deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Bergondo, e dentro do prazo de tres (3) días hábiles, dende que se faga pública a relación de aprobados/as, os documentos indicados na Base 9ª da convocatoria.

Non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematada a mesma, ás unha dez horas, redactándose a presente acta que suscriben os membros do Tribunal. Dou fe.

O Presidente

Os/as Vogais

O Secretario

